Federación de Servizos á Cidadanía

Sección Sindical
Deputación da Coruña
ccoo@dacoruna.gal
dacoruna.gal/intranet/sindicatos/ccoo

## A PROPOSTA DE REGULAMENTO DE CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL DE CCOO E UXT IMPLICA UN CONSIDERABLE INCREMENTO SALARIAL

O MECANISMO DE ABOAMENTO ACELERADO PARA O PERSOAL MAIOR DE 53 ANOS, E QUE POR TANTO SE ATOPA PRETO DA IDADE DE XUBILACIÓN, SUPÓN UNHA XUSTA FERRAMENTA DE RECOÑECEMENTO DOS SERVIZOS PRESTADOS

A colaboración entre CCOO e UXT, centrada nos aspectos que nos unen para mellorar as condicións laborais do persoal, o arduo traballo conxunto realizado durante o último medio ano, e o diálogo constante coa Corporación están a dar os seus froitos nos avances para converter a carreira profesional horizontal nunha realidade na Deputación.

**A proposta de regulamento de Carreira Profesional Horizontal presentada por CCOO e UXT implica un considerable incremento salarial,** do que se beneficia todo o persoal a medio prazo, e de xeito inmediato todo o que supere os cinco anos de servizos prestados. Consiste nunha cantidade igual para cada un dos grados recoñecidos que varía segundo o grupo ou subgrupo ao que pertenza o traballador, non pudendo existir unha diferenza superior ao dobre entre o importe correspondente ao grupo ou subgrupo máis alto (A1) e o correspondente ao máis baixo (Agrupación Profesional). O sistema extraordinario, que recoñece a antigüidade anterior á implantación do sistema o que permite o acceso inmediato a todos os grados aos que se teña dereito, establece unha a progresión anual do 20% nas porcentaxes de aboamento dos graos acadados. Así pois, **o importe mensual por Carreira Profesional Horizontal no ano 2024** en función dos graos recoñecidos e o grupo ou subgrupo, para o persoal que non entre no sistema de aboamento acelerado (o que cobra o 20% do aboamento progresivo), sería:

| | AP | C2 | C1 | B | A2 | A1 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **1 grado** | 21,43 | 25,00 | 28,57 | 32,14 | 35,71 | 39,29 |
| **2 grados** | 42,86 | 50,00 | 57,14 | 64,29 | 71,43 | 78,57 |
| **3 grados** | 64,29 | 75,00 | 85,71 | 96,43 | 107,14 | 117,86 |
| **4 grados** | 85,71 | 100,00 | 114,29 | 128,57 | 142,86 | 157,14 |

O sistema extraordinario tamén inclúe unha aceleración paulatina desa porcentaxe por proximidade a idade de xubilación (táboa seguinte). **O mecanismo de aboamento acelerado para o persoal maior de 53 anos, e que por tanto se atopa preto da idade de xubilación, supón unha xusta ferramenta de recoñecemento dos servizos prestados e de compensación polo pouco tempo que gozará este persoal dos seus efectos económicos.** Este mecanismo **se aplicará en función da dispoñibilidade orzamentaria**, no caso de ser insuficiente, cubriríase en primeiro lugar o aboamento da porcentaxe mínima establecida para o ano en cuestión para todo o persoal, e distribuirase a cantidade sobrante entre o persoal dos distintos tramos de idade proporcionalmente á diferenza entre a porcentaxe que lles correspondería segundo a táboa e a porcentaxe mínima establecida para dito ano.

| Idade (anos) | 2024 | 2025 | 2026 | 2027 | 2028 |
|---|---|---|---|---|---|
| E >= 61 | 100% | 100% | 100% | 100% | 100% |
| 61>E>=60 | 90 % | 90 % | 90 % | 90 % | 100% |
| 60>E>=59 | 80 % | 80 % | 80 % | 80 % | 100% |
| 59>E>=58 | 70 % | 70 % | 70 % | 80 % | 100% |
| 58>E>=57 | 60 % | 60 % | 60 % | 80 % | 100% |
| 57>E>=56 | 50 % | 50 % | 60 % | 80 % | 100% |
| 56>E>=55 | 40 % | 40 % | 60 % | 80 % | 100% |
| 55>E>=54 | 30 % | 40 % | 60 % | 80 % | 100% |
| E<53 | 20 % | 40 % | 60 % | 80 % | 100% |